Documentos imprimibles

Unidade 6: A literatura do século XVIII: a Ilustración

Índice de contidos:

1. Introdución
2. A literatura do século XVIII
    2.1. Francia
    2.2. Inglaterra
    2.3. Alemaña
    2.4. Italia
    2.5. Portugal
3. Selección de textos [material de obrigada lectura]

1. Introdución

Ao longo do século XVIII, concretamente na súa segunda metade, en boa parte de Europa vaise impoñendo gradualmente unha versión do absolutismo monárquico reformado, denominado despotismo ilustrado, que, acentuando a dimensión centralizadora do Estado e a liberalización relativa da economía, pode sintetizarse acaidamente na coñecida frase *Todo para o pobo pero sen o pobo*. A paisaxe política do continente, non sendo a peculiaridade do Reino Unido, cóbrese co novo aspecto representado por Francia (Luís XV), España (Carlos III), Rusia (Catalina II), Austria (Xosé II), Portugal (Xosé I), Prusia (Federico II) .

Ademais, a crecente influencia e poder da burguesía, consecuencia do desenvolvemento das forzas produtivas da economía, explica en boa medida a xénese e elaboración dunha concepción ilustrada que asume o seu protagonismo histórico e social, e recolle as súas demandas de poder político como clase social en ascenso (lembremos que cara a finais de século se publica a obra de Adam Smith *A riqueza das nacións*). O aguzamento da loita de clases, neste contexto, vai levar a un proceso revolucionario que vai significar, a grandes trazos, a perda de poder da nobreza e á xestación dun novo sistema económico e político, nacido coa Revolución Francesa de 1789, que, coas ideas ilustradas de *liberdade, igualdade e fraternidade*, vai acabar co antigo Réxime e sentar as bases da Idade Contemporánea.

Logo, Napoleón, desde a súa proclamación a principios do XIX como emperador de Francia, pretendeu espallar por Europa estes ideais, mais as monarquías absolutas fixéronlle fronte e derrotárono. Os vencedores –Gran Bretaña, Rusia, Austria e Prusia–, reunidos en Viena, establecen a necesidade de recobrar o mapa político prenapoleónico, nun intento de involución histórica, mais a dinámica obxectiva levaba á erosión e ao gradual derrubamento da aristocracia como clase social privilexiada, substituída pola maior dimensión da burguesía.

Desde un punto de vista cultural, a Ilustración representa un movemento vizoso, nacido xa en Inglaterra coas transformacións económicas do século XVII e derivado logo a Francia, onde colleu corpo e desde onde se difundiu ao resto de Europa, fundamentado no racionalismo, no papel decisivo da razón. Precisamente, as súas arelas eran, neste *século das luces*, iluminar coa *luz da razón* a sociedade, esclarecer todas as sombras e misterios do ser humano e das colectividades, para rematar así, mediante o labor público da educación e os avances científicos, coas tebras da superstición e a ignorancia. Unha concepción ben sintetizada no coñecido lema do *sapere aude* ('ousa saber'). Deste xeito, a gran tarefa dos filósofos ilustrados (Montesquieu, Voltaire, Rousseau) será a de prepararen teorías e atoparen, desde distintas ópticas e posicións, respostas racionais para os diferentes eidos da comunidade: o ámbito político, a relixión, a vida social e a arte, e opoñerse, con espírito crítico e dialéctico, a aquelas contribucións unicamente confeccionadas a partir da relixión ou da tradición histórica, e rexeitar os dogmas impostos polas estruturas eclesiásticas.

Este programa, que situaba a razón como alicerce do coñecemento, levaba implícita unha concepción optimista da humanidade, unha forte confianza no ser humano, nos pobos, nas súas posibilidades e capacidade. É o que se reflicte, precisamente, nos textos de autores que, como Sarmiento, demandaban a dignificación e avance de Galicia.

The Daily Courant.

Wednesday, March 11. 1702.

ADVERTISEMENT.

Primeira portada do *The Daily Courant* (11 de marzo de 1702)

A difusión desta nova ideoloxía realizouse, non a través dunha ensamblaxe institucional dirixida e controlada polo poder absolutista (universidades, academias), senón mediante o periodismo (nace neste século, en 1702, o que se considera primeiro xornal, o londiniense *The Daily Courant*), os salóns, a masonería, ou as publicacións. Entre estas últimas, ocupa un lugar privilexiado pola súa concepción e magnitude a *Enciclopedia*, magna obra dirixida por Diderot e D´Alembert entre 1745 e 1772, e integrada por 28 volumes (17 de artigos e 11 de láminas) nos que se resume o pensamento ilustrado. A pretensión básica dos enciclopedistas era compendiar o saber humano de xeito ordenado e sistemático nunha única obra de consulta. O mellor coñecedor desta etapa histórica, Albert Soboul, na súa obra xa clásica sobre *A Reevolución* Francesa, avaliouna como «obra capital da historia do pensamento; moderada no dominio social e político, afirmou a súa crenza no progreso indefinido das ciencias; elevaba á razón un monumento grandioso».

Este proceso é paralelo ao xurdimento do Neoclasicismo como corrente cultural e artística que pretendeu repor a estética, o gusto e as normas da Antigüidade Clásica, referencia fundamental para o novo tempo. Os factores que poden explicar a súa aparición son diversos. Temporalmente, xorde coincidindo, *grosso modo*, coa fin do barroco; contra a filosofía deste, que, na súa liña máis extrema, prioriza o exceso artificioso e a exuberancia ornamental, nace o neoclasicismo na literatura e nas artes plásticas. Asemade, o mundo da arqueoloxía, con figuras tan destacadas como Winckelmann, e, en concreto, con escavacións tan impactantes como as de Olimpia, Paestum, Herculano ou Pompeia, contribuíron a que a sociedade mirase cara ao mundo grecolatino, base agora redescuberta e concibida como modélica tanto nos temas como nos canons estéticos da produción cultural.


ENCYCLOPÉDIE,
OU
DICTIONNAIRE RAISONNÉ
DES SCIENCES,
DES ARTS ET DES MÉTIERS,
PAR UNE SOCIÉTÉ DE GENS DE LETTRES.
TOME PREMIER.
A PARIS,
M. DCC. LI.
AVEC APPROBATION ET PRIVILEGE DU ROY.

Portada de L'Encyclopèdie (1751)

A divulgación e interese por esta arte clasicista como distintivo burgués acabou xerando non só unha actuación pública á hora de deseñar rúas, prazas, xardíns, estatuaria, pazos ou edificios, senón tamén unha rede institucionalizada de espazos (academias, museos) para o seu depósito e exhibición social, e a función instrutiva, visual, musical e literaria do obxecto artístico. O predominio do xénero didáctico nas letras (a través da crítica, o ensaio ou a fábula), a atmosfera creada coas sonatas, o *minué*, o carácter representativo do Panteón de Soufflot en París ou a Porta de Brandeburgo en Berlín, a obra escultórica de Canova ou a pictórica de Jacques-Louis David, por exemplo, definen a disposición racional e o *versallismo* dos novos gustos e estilo.

Esta disposición racional vaise ver matizada paulatinamente co mundo dos sentimentos e da liberdade intensificada e desbordante do primeiro romanticismo. É o momento en que as paixóns e as *xenialidades* rompen todo molde formal, como

acontece coas primeiras mostras do idealismo alemán, sobre todo co grupo *Sturm und Drang* ('Tempestade e Empuxe') en que se agruparon os prerrománticos Herder, Schiller, Hölderlin e, sobre todo, Goethe, ou coas pezas musicais de Cherubini.

2. A literatura do século XVIII

É inseparable a situación da literatura do contexto xeral da época. Fundamentalmente, vai ter moito que ver nela o labor dos mesmos ilustrados, sobre todo no caso francés. O espírito crítico e as ideas de reforma socio-política teorizadas polos diversos autores van ter un eco ou unha plasmación na obra literaria. Desde esta perspectiva, a literatura vai ser un medio importante de transmisión das ideas e valores ilustrados.

2.1. Francia

O elementos máis destacado ou significativo da produción escrita é a *Enciclopedia* que, como xa se comentou, reúne todos os coñecementos da época e supón un grande esforzo colectivo e coordinador do tempo ilustrado. Nela colaboran os mellores pensadores do momento. Un deles, Diderot (1713, -1784), ademais dun labor de dirección xunto a D´Alembert (quen ten algúns escritos ensaísticos e epistolares), tamén brillou con varios textos, como a súa ampla correspondencia ou a novela *O sobriño de Rameau*.

Mais a obra de maior relevancia está conformada polas distintas teorías políticas ilustradas. De todos os pensadores ou filósofos, seleccionamos os máis coñecidos e influentes:



Charles Louis de Secondat
Barón de Montesquieu

Montesquieu (1689-1755), entusiasmado polo parlamentarismo inglés, desenvolveu o principio da separación de poderes como garantía contra o absolutismo: o *lexislativo*, que elabora as leis, o *executivo*, que as fai cumprir, e o *xudicial*, que administra a xustiza. Esta é a achega máis considerable do autor coa súa obra *O espírito das leis*, (1748), escrita nun estilo moi claro e epigramático. Ademais, resulta interesante a reflexión sobre os diferentes condicionantes –xeográficos, climáticos, económicos– dos pobos e culturas nas leis e institucións. Outra obra do mesmo autor é a novela epistolar *Cartas persas*, (1721), que trata da correspondencia que dous persas imaxinarios, o Gran Señor Usbeck e o seu novo amigo Rica, chegados a Francia entre 1712 e 1720, intercambian cos seu amigos orientais, analizando os costumes e institucións dos franceses desde a sátira da vida cortesá parisina. Estas cartas presentan tamén unha trama que alude ao que acontece nun harén que Usbeck deixara en Oriente e que, na súa ausencia, dirixía un eunuco contra o que se rebelan as mulleres.

Voltaire (1694-1778), como contribución teórica substancial, criticou, sendo deísta e antiateo, a esencia absolutista do Antigo Réxime e propuxo a creación dun sistema político parlamentario que limitase o poder do rei. Literariamente, comezou con variadas composicións, tanto de poesías, de traxedias (*Edipo, Zaïre),* ou o poema épico *A Henriada*. Na narrativa teñen especial interese as novelas breves: podemos mencionar *Zadig* (1747), sobre as peripecias dun rico e intelixente babilonio en busca da felicidade; *Micromegas* (1752), un combate cheo de sátira e visión crítica contra o fanatismo relixioso a prol da tolerancia; *Cándido ou o optimismo (*1759), un conto de ton filosófico no que coexisten varios ingredientes e aspectos, desde as ideas contra o pensamento de Leibniz, representado por Pangloss, ata a relación do protagonista con Cunegunda, a súa futura esposa e filla do dono do castelo de Thunder-ten-tronckh, ademais das múltiples peripecias e viaxes, incluídas as persecucións da Inquisición, por Europa e América; a súa última grande obra consistiu no *Dicionario filosófico*, do ano 1764.



François Marie Arouet, máis coñecido como Voltaire. Ilustración de Nicolas de Largillière



Jean Jacques Rousseau, de Maurice Quentin La Tour

Polo que se refire a Rousseau (1712-1778), que tantos enfrontamentos dialécticos e teóricos tivo con Voltaire, debe dicirse que, sen dúbida, é un dos pensadores máis destacados e decisivos da ciencia política. Coa súa *teoría do contrato social* quixo acabar coa vella controversia, lexitimadora do *status quo* absolutista, sobre o dereito divino da monarquía. Deste xeito, a súa maior contribución filosófica ao liberalismo político é o enunciado da teoría da soberanía popular (*O contrato social,* 1762). Ademais, cómpre valorar como esencial a súa proposta *revolucionaria* á historia educativa co seu tratado pedagóxico *Emilio ou Da educación,* de 1762, en cinco libros. Con esta obra, coa que Rousseau funda a psicopedagoxía, o papel necesario e activo do Estado con respecto á educación aparece claramente expresado e xustificado. Tamén poden ser citados outros textos, como a novela epistolar *A nova Eloísa,* ou, ao final da súa vida, as autobiográficas *Confesións*, *Rousseau xuíz de Jean-Jacques,* ou *Soños do paseante solitario*, onde xa se expoñen consideracións precursoras do romanticismo.

Tamén resultan de elevado interese Helvétius e Holbach. Helvétius (1715-71) foi colaborador da *Enciclopedia* e unha das referencias críticas da época, apoiadas nunha concepción materialista da ilustración. Dos seus escritos, que desencadearon reaccións alporizadas e inquisitoriais do arcebispo de París, son salientables os seus tratados *Do espírito,* publicado de xeito anónimo, e *Do home*, editado postumamente. Holbach (1723-1789), amigo de Diderot, tamén participou na *Enciclopedia* con artigos relacionados coa química. A súa concepción atea aparece deseñada en *Sistema da natureza* ou, desde unha pretensión máis divulgadora, en *O bo sentido.* O esquema do materialismo mecanicista e determinista tamén é aspecto temático fundamental dos tratados *O sistema social e A moral universal.*

Polo que se refire aos outros xéneros da literatura neoclásica, cunha situación ofuscada pola inxente e brillantísima tarefa intelectual dos pensadores antes mencionados, pódense mencionar os poemas bucólicos de André Chenier, as traxedias de La Motte-Houdar e Le Crébillon, as comedias *psicolóxicas* de Marivaux ou Beaumarchais, ou as sentimentais, coma *O filósofo sen sabelo* de Michel-Jean Sedaine.

No ámbito da novela hai mostras estimables. É o que acontece con *As amizades* perigosas, escrita por Chordelos de Laclos e moi coñecida pola versión cinematográfica de Stephen Frears, unha narración de carácter epistolar sobre as artes cinicamente sedutoras do vizconde de Valmont e os seus desexos de conquistar a austera Mme. de Tourvel.

Isto mesmo acontece tamén con *Manon Lescaut*, do ex-abade beneditino François Prévost, home dunha vida atafegada. Nesta obra de considerable atmosfera psicolóxica, cóntase o amor *cego* e apaixonado do mozo Des Grieux cara á evasiva Manon Descaut e os diferentes avatares que lles saen ao encontro ata a morte dela e o regreso del a Francia. Combinando diferentes elementos e estilos, esta novela breve e heterodoxa tivo moita acollida na época.

Grande interese ten igualmente o chamado marqués de Sade, autor ateo e libertino que compuxo varias obras teatrais, epistolares e novelísticas, como *Justine ou os infortunios da virtude* (1791) e *A filosofía no toucador* (1795), entre outras, que levantaron escándalos e o levaron a constantes acusacións e encarceramentos. Este autor, de onde deriva o termo *sadismo* polo seu especial ou desacostumado tratamento da temática sexual, tivo moita influencia en escritores da categoría de Baudelaire, Rimbaud, Bataille, etc.

Tamén merece *destacarse* a novela tráxica do amor adolescente, *Paulo e Virxinia,* (1787), de Bernardin de Saint-Pierre, que recollen o tema do retorno á natureza tan da época.

2.2. Inglaterra

Este século, coa denominación de *Idade Augusta*, vive o conflito existente entre unha concepción tradicionalista e aristocrática, representada por autores como Pope e Swift, e outra que responde máis aos intereses culturais da burguesía como clase social protagonista dos novos tempos, visible no teatro ou na novela, por exemplo Daniel Defoe ou, posteriomente, Jane Austen.

De Daniel Defoe (1660-1731) destacamos un par de novelas: a primeira, moi coñecida, que conta con algunha versión cinematográfica como a de Buñuel, é *Robinson Crusoe*, sobre as aventuras dun náufrago nunha illa, baseada ao parecer en feitos reais. Os episodios fundamentais da liña argumental son: varios naufraxios, captura por un pirata, estancias en Brasil, Guinea, outro naufraxio e, tras ser arrastrado polo mar, chegada a unha illa na desembocadura do Orinoco. Aquí sobrevive na soidade, salva a un salvaxe que chama Venres, que se fai compañeiro seu, e, transcorridos 28 anos, é atopado por un barco que o leva cara á patria. A segunda novela é *Moll Flanders,* un retrato dunha muller aventureira, catalogada como a primeira novela inglesa de costumes. Como tema principal aparece, desde a conciencia da capacidade que as persoas teñen para enfrontar as situacións, a loita pola vida.

Gulliver, de Richard Redgrave

O outro gran novelista do século é Jonatham Swift (1667-1745). A súa novela por excelencia é *As viaxes de Gulliver,* crítica paródica da sociedade humana. Presenta en catro libros a *forma* e concepción dun libro de viaxes, dunha ampla tradición que polo menos, remonta a Luciano de Samosata, para emprender precisamente a reprobación da sociedade inglesa, a situación política e, a partir de aí, a mesma civilización: Gulliver é un médico embarcado que, logo de naufragar, chega a Liliput, habitado por seres diminutos, onde efectúa unha visión crítica dos mecanismos e hábitos da súa sociedade e, por comparación paralela, da sociedade do seu tempo; logo chega a Brobdingnag, onde, de forma inversa ás circunstancias anteriores, os habitantes son uns xigantes aos que Gulliver lles serve de diversión, e despois a Balnibarbi cunha illa flotante chamada Laputa dominada por un despótico rei, na que hai unha academia ridícula polos seus membros, os filósofos e científicos. Tras este acontecemento, sucéndense os episodios en Glubbdubdrib, Luggnagg e Xapón e, finalmente, a viaxe ao país dos Houyhnhnms, cabalos intelixentes en contraste cos *yahoos*, similares aos seres humanos e salvaxes, momento que serve de expresión para unha clara concepción misántropa por parte de Gulliver, que, sendo voceiro da sátira, é a proxección do propio autor. Nesta novela, un dos mecanismos de sátira destacados é o da creación de paralelismos alegóricos co seu propio mundo e sociedade: así, por exemplo, os dous partidos de Liliput en loita, Tramecksan e Slamecksan, os de zapatos de tacóns altos ou os dos baixos aluden aos *tories* e os *whigs*, ou tamén os problemas do conflito relixioso entre católicos e protestantes. E de igual xeito danse outros episodios no resto da obra, como as críticas aos científicos ou ás falsas *eutopías*, as ilusorias sociedades ideais. Mais por enriba da interpretación alegórica, a novela representa un tratado político satírico sobre o poder.

Outro autor que tamén debe ser considerado é Alexander Pope (1688-1744), tradutor da *Iliada* e *Odisea* homéricas. Ademais dalgúns ensaios, sobre o home, sobre a crítica, etc., escribiu unha epopea burlesca, *O roubo do rizo*.

Xa na segunda metade do século son célebres unha serie de autores como Samuel Richardson, Henry Fielding ou Lawrence Sterne, cos que se inicia a novela propiamente burguesa.

Son os anos, asemade, dos preliminares da estética romántica, propiamente denominada pre-romanticismo. Características súas presenta a obra de Jane Austen (1775-1817), sobre todo *Sentido e sensibilidade* ou *Orgullo e prexuízo.* Esta manifestación incipiente de certos trazos que van definir o romanticismo a finais de século e, xa claramente, os inicios do XIX, coincide temporalmente coa obra literaria e artística doutros autores tan notorios como William Blake, ou cos folletíns *medievais* e misteriosos da novela gótica, onde o exótico pode ser unido aos crimes e á noite, onde destacaron Horace Walpole (*O castelo de Ofranto),* Matthew G. Lewis (*O monxe),* Mary Shelley (*O doutor Frankenstein)*, etc.

2.3. Alemaña

Xunto a Italia, Alemaña quizais é o país máis influído pola ilustración francesa, onde se coñece este movemento cultural como *Aufklärung.*

Vai ser un século marcado pola personalidade e obra do filósofo Kant (1724-1804), cun pensamento moi orixinal e influente. Critica o racionalismo e o empirismo afrontando esencialmente tres problemas básicos que o inquedan: o problema do que *podo coñecer* (en *Crítica da Razón Pura* fai a análise do problema da ciencia); o problema do que *debo facer* (en *Critica da Razón Pura práctica*, trata o problema da ética); e o problema de *en que consiste o agrado ou desagrado* (en *Crítica do Xuízo* analiza o problema da estética –a beleza e o sublime– e do dereito). Toda esta formulación ten como destino a resposta do que é o ser humano.

Nunha dimensión propiamente literaria, a característica máis significativa das letras alemás neste século XVIII é, ademais da estética rococó, con figuras como Wieland, a asimilación da ilustración co engadido de elementos que anuncian xa unha actitude prerromántica. Non debemos esquecer que é precisamente Alemaña o berce do romanticismo. A presenza da natureza en conexión con esquemas idealistas presentan a nova estética. O descubrimento da paisaxe, xa moi notorio no poeta Friedrich Klopstock, ou o ideario estético do *Laocoonte* de Gotthold Lessing recollen novas perspectivas que caracterizan a sensibilidade prerromántica do *Sturm und Drang* ('Tempestade e empuxe'): é agora o sentimento fronte a razón a liña básica deste pensamento, identificado moi notoriamente nunha figura como a do teórico Herder, que chega mesmo a equiparar lingua e espírito nacional. O estudo do folclore, é dicir, da cultura popular, vai ser un dos temas seus que máis dedicación tivo.

Mais serán as voces de Schiller e Goethe as que retratan con maiúsculas o novo marco cultural do prerromanticismo e logo, con suma potencia, o do propio romanticismo. Friedrich von Schiller (1759-1805), moi motivado polo mundo clásico, fundamentalmente o grego, e tamén polo kantismo, destacou polo poema tráxico *Don Carlos*, ademais de ser compositor da oda *An die Freude* (1786), da que partiría Beethoven para o himno *Á alegría* da IX sinfonía. Amosou moito interese polas cuestións de estética, escribindo o tratado *Sobre a graza e a dignidade*, no que se conciben aspectos que coa influencia de Goethe van definir o que se ten denominado o "clasicismo de Weimar". Xa na madurez, escribe diversos estudos de literatura, como *Da poesía inxenua e sentimental*, sobre a poesía antiga e a moderna, incidindo na separación da natureza e a cultura; ou obras de claro calado filosófico como *Sobre o sublime.* A referencia do mundo da traxedia grega visualízase en pezas teatrais como *A donzela de Orleans* ou *A noiva de Mesina.* Mais a súa obra máis coñecida, plenamente romántica, é o drama en verso *Guillerme Tell* (1804).

Tamén hai que destacar no contexto da literatura do XVIII o primeiro Goethe (1749-1832), o que ha de compoñer a grande obra *Fausto,* a traxedia en dúas partes que por estética é unha das pezas clave do romanticismo. Mais antes, coa primeira edición en 1774, escribe a novela epistolar *As Penas do mozo Werther* na que a atmosfera da paixón leva o seu protagonista, desesperadamente, ao suicidio tras o amor imposible de Carlota: a peza serve para o confronto das psicoloxías, como a ardente de Werther e a máis acougada de Alberte, o prometido de Carlota. Ademais desta impactante obra, tamén durante este período escribiu o coñecido *Urfaust*, unha das composicións máis representativas do *Sturm und Drang*, a base para o que vai ser a primeira parte do *Fausto.* A súa estadía en Weimar, onde ocupará o cargo de preceptor do duque, vai ser un período, so interrompido pola súa famosa viaxe a Italia da que deixou impresións escritas, moi fértil, que lle vai valer para un activismo cultural xunto con outros autores como Schiller ou Herder, que configuraron as notas fundamentais do movemento romántico.

2.4. Italia

O século XVIII italiano vai ter importantes representantes literarios nos distintos xéneros. Así, no teatro, van destacar de maneira especial as comedias de Carlo Goldoni (1707-1793), como os cadros realistas e satíricos da súa etapa veneciana como acontece con *O mentireiro*, *O café*, *A criada amorosa*, e *A pousadeira*. Séguenlle outras pezas moi populares como as compostas en relación co teatro de San Luca, tales como *A bela salvaxe, O médico holandés*, etc. Antes da súa marcha a París destacan *Os namorados, Os rústicos*, entre outras.

Digno de mención é o tamén veneciano Carlo Gozzi (1720-1806) co seu teatro satírico e unha serie de obras que revisaba a *Commedia dell arte*, como acontece coas *Fábulas teatrais.* Enfrontado a Goldoni, tiña unha visión crítica do movemento ilustrado. Igualmente sobresaíu Vittorio Alfieri (1749-1803) cun bo número de traxedias de contido clásico e político, entre as que destacan os ataques contra as ideas absolutistas, pensamento mesmo teorizado nalgún tratado como *Da tiranía.* É o que tamén acontece nas denominadas *traxedias da liberdade*, unha tríade composta por *A conxuración dos Pazzi, Virxinia* e *Timoleón* ou nas posteriores *Sátiras* que ha de escribir en Florencia. Por outra banda, a base da literatura clásica está presente na súa reinterpretación do mito ovidiano de Mirra, polo que compón unha traxedia en verso co título da protagonista en cinco actos. A atracción pola literatura antiga, neste caso bíblica, é manifesto en *Saúl.* Ao final dedícase a escribir *Vita*, onde reflicte a súa propia peripecia biográfica e constrúe unha estampa moi completa da ilustración desde a súa propia mirada.

Na lírica destaca a *corrente arcádica* antibarroca, e as figuras do romano Pietro Metastasio (1698-1782), con textos moi significativos para a ópera, e Giuseppe Parini (1729-1799), interesante polo seu avanzado ideario ilustrado e por obras como o seu longo poema satírico *O día*. Tamén son mencionables certas composicións súas en que aparecen postulados ecoloxistas, como acontece con *A vida rural* ou *A salubridade do aire.*

En canto aos pensadores, a figura central é o napolitano Giambattista Vico (1668-1744), quen, desde unha mentalidade *reaccionaria* foi moi crítico coas ideas de Galileo e coa propia filosofía racionalista. É autor de *Principios da ciencia nova,* obra en que rexeita as posibilidades da razón sobre o coñecemento das verdades do mundo natural e afirma o papel de Deus como único coñecedor da realidade. Fronte a este ámbito, propón a historia como único obxecto da ciencia humana, por seren precisamente as persoas os seus protagonistas e, en última instancia, as súas coñecedoras. Ben distinto é o milanés Cesare Beccaria (1738-1794), autor dun soado *Dos delitos e as* penas, onde se serve do argumentario ilustrado para elaborar un discurso contra a tortura e a pena de morte. Do seu coñecemento da economía destacan os *Elementos de economía pública.* Outro dos autores significativos foi Ludovico Moratori (1672-1750), sobre todo pola súa obra historiográfica e o ensaísmo literario, como o seu brillante tratado *Da perfecta poesía.*

2.5. Portugal

Neste momento da evolución histórica, o máis notorio é a recuperación da independencia política, coas consecuencias culturais que tal feito leva, como a sintonización co panorama ilustrado europeo, labor moi impulsado polo marqués de Pombal, o Primeiro Ministro. Ademais de expulsar os xesuítas, estimula a creación de diversas institucións científicas e salóns literarios, anima as traducións da literatura francesa e, guiado polo espírito da época, enciclopedias como a monumental

Biblioteca Lusitana de Diogo Barbosa Machado (1682-1772) ou o exitoso *Verdadeiro método de estudar* de Luis António Verney (1713-1790). No campo poético cómpre sinalar o lisboeta Pedro António Correia Garção (1724-1772), o prerromántico Francisco Manuel do Nascimento (1734-1819), e, sobre todo, cun universo lírico xa case totalmente romántico Manuel Maria Barbosa du Bocage (1765-1805).

3. Selección de textos (unidade 6)

A continuación presentámosche un conxunto de textos representativos das distintas producións literarias mencionadas ao longo da unidade. Lembra que a súa lectura é obrigatoria, e que sobre eles traballarás tanto nos exercicios correspondentes a esta unidade (de autoavaliación, de apoio e de envío ao titor) como no propio exame.

(1)

«Pero son os ilustrados quen elaboran o deseño teórico dese proceso revolucionario, isto é, a teoría que se precisaba para a acción política deseñada por todo o Terceiro Estado. Tratábase, pois, de perfilar un novo Estado, cousa á que van contribuír, entre outros, nun primeiro momento, Montesquieu, e algo máis tarde o propio Rousseau. Un novo Estado, cunha organización política de novo tipo, despois da tarefa previa de demolición crítica de Voltaire, de Diderot e, unha vez máis, de Rousseau. Un novo Estado, cunha educación e unha cultura novas, das que porán as máis sólidas primeiras pedras Diderot, Rousseau, Helvètius, D'Holbach e, máis tarde, xa en pleno proceso revolucionario, Condorcet e Talleyrand. En fin, un novo Estado no que se pensaba xurdiría con forza un novo tipo de cidadán e un home novo, sobre o que teorizan principalmente Diderot e Rousseau.

Con este esquema, os ilustrados xeran toda unha revolución teórica utilizando as armas da crítica filosófica, científica, política e ideolóxica. Crítica multiforme e polifacética baseada na teoría do progreso social e no uso da razón como método de análise da realidade. Esa crítica *omnia* dos ilustrados, a súa actitude de subversión radical da concepción do mundo dominante e o selo de *philosophes* que eles se impoñen a si mesmos, darán lugar ao nacemento dunha nbova conciencia social, en determinados sectores da sociedade, que fará irreversible o proceso histórico que se aveciña. Como dicía Inmanuel Kant, cando os pobos viven a experiencia dunha revolución, xa non a esquecen nunca máis, xa nada volverá a ser nunca coma antes».

(H. Barreiro. "Sobre a Ilustración Francesa", Prólogo a Jean-Jacques Rousseau. *Emilio ou Da Educación.* USC. Fundación BBVA. *Clásicos do Pensamento Universal nº 8*, Santiago de Compostela, 2006. H. Harguindey (trad.), p. 14)

(2)

«Mentres Montesquieu reservaba o poder para a aristocracia e Voltaire para a alta burguesía, Rousseau manumitía os humildes e daba o poder a todo o pobo. O papel que reservaba ao Estado era reprimir os abusos da propiedade individual, manter o equilibrio social por medio da lexislación respecto da herdanza e do imposto progresivo. Esta tese igualitaria, no dominio social tanto coma no político, era cousa nova no século XVIII; puxo de forma irremediable a Rousseau fronte a Voltaire e os enciclopedistas».

(A. Soboul. *A Revolución Francesa.* Introdución, cap. I, 3)

(3)

«A Ilustración é unha corrente de pensamento que domina todo o século XVIII en Europa, considerado universalmente como o Século das Luces, pola importancia e rango que se lles

atribúe ás luces da razón, como instrumento de mellora individual, pero tamén como método para lograr unha reforma da sociedade mediante o recurso á instrución, ao coñecemento máis circunstanciado dos problemas e á creación de institucións que procurasen solucións para os mesmos. O pensamento ilustrado caracterízase pola profunda crítica que efectúa da sociedade na que vive, aínda que o seu valor e a súa eficacia varíen moito, segundo lugares e problemas abeirados.

(…)No caso de Galicia (…)onde a achega dos ilustrados foi máis brillante é no eido da cultura, constituíndo en conxunto a primeira visión global e integrada de Galicia, aprezando a súa historia, reivindicando a súa lingua e denunciando o inxusto desprezo de que eran obxecto os galegos, fóra de Galicia. Nesta tarefa intelectual, sobrancean os nomes dos frades bieitos Feijoo e Sarmiento, así como fidalgos como Cornide. Con todo a figura máis senlleira é a do frade bieito Martín Sarmiento, primeiro grande estudoso da lingua galega e da súa historia, e propugnador do seu emprego e da necesidade de estudala».

(R. Villares, *op.cit.* páx 230 e ss.)

(4)

«O máis poderoso príncipe de Europa é o rei de Francia. Non ten minas de ouro como o seu veciño o rei de España; mais é máis rico que el porque saca a súa riqueza da vaidade dos seus vasalos, máis inesgotábel cás minas. Víronlle emprender ou soster porfiadas guerras sen outros caudais cá venda de títulos honoríficos; e por un prodixio da humana altivez atópanse pagados os seus exércitos, fortificadas as súas prazas e equipadas as súas escuadras. Ademais o tal rei é un gran máxico, que manda mesmo na intelixencia dos seus vasalos facéndoos pensar como quere(…) E non che abraie o que deste príncipe digo, que hai outro máxico maior ca el, quen manda tanto no seu entendemento coma el no dos demais. Chámase este máxico o Papa: unhas veces faille crer que tres son un; outras, que o pan que come non é pan, nin o viño que bebe viño, e outras mil lindezas deste teor. Pois por non deixalo nunca en paz, e que non se lle esqueza o costume de crer, de cando en cando dalle para que practique certos artículos de crenza. Hai dous anos que lle enviou un escrito moi avultado que chamou *constitución*, e quixo obrigar con fortes penas ao príncipe e aos seus vasalos a que creran todo canto contiña»

(Montesquieu. *Cartas Persas*. Carta XXIV*)*

«Os que publican unha proposición nova de socato son cualificados de herexes: cada herexía ten o seu nome que non é como o pendón dos seus secuaces. Pero quen non quere non é herexe; non ten máis que partir a diferenza pola metade e dar unha distinción aos que o acusan de herexía; e fose esta a que for, compréndase ou non, queda un home máis branco ca neve e pode obrigar a que o teñan por ortodoxo. Verdade é, sen embargo, que por máis que sexa deste xeito en Francia e Alemaña, teño oído que en España e Portugal hai uns dervixes que non andan de broma e queiman a un home como carrasco»

(*ibidem*. Carta XXIX*)*

«O rei de Francia é vello, e non hai exemplo nos nosos anais de monarca que tanto tempo teña reinado. Din que posúe en supremo grao o talento de facer que o obedezan; polas mesmas regras goberna a súa familia, o seu pazo e o seu estado(…) É magnifico, especialmente nos seus edificios, e ten máis estatuas nos xardíns do seu pazo que veciños nunha cidade populosa»

(*ibidem.* Carta XXXVII)

(5)

«Querédesvos facer unha idea da educación pública? Lede a *República* de Platón. Non é en absoluto unha obra de política, como pensan os que non xulgan os libros senón polos títulos: é o máis fermoso tratado de educación que endexamais se teña feito.

Cando se quere aludir ao país das quimeras, noméase a institución de Platón: se Licurgo tivera posto a súa unicamente por escrito eu atoparíaa moito máis quimérica. Platón non fixo máis que depurar o corazón do home, Licurgo desnaturalizouno»

(J.J. Rousseau, *op.cit.* I, páx.65-66)

(6)

«Un día ao Emperador veulle a idea de agasallarme con varios espectáculos do país, asunto este no que superan a calquera outra nación das que teño coñecemento, tanto en habilidade como en esplendor. Nada me divertiu tanto como o número dos funámbulos, executado sobre unha fina febra branca duns sesenta centímetros e a trinta do chan. Sobre isto pedirei licenza, e a paciencia do lector, para estenderme un pouco.

Este pasatempo fano so aqueles que procuran acadar altos cargos e favores na Corte. Son instruídos nesta arte desde que son mozos e non se trata sempre de fidalgos e intelectuais. Ao quedar un posto notorio baleiro, por falecemento ou por cambio (que acontece a miúdo), cinco ou seis destes aspirantes piden do emperador permiso para divertir a Súa Maxestade e á Corte cuns equilibrios sobre a corda, e quen salte máis alto sen caer obtén o cargo. Con frecuencia mesmo os principais ministros reciben a orde de amosar a súa habilidade e persuadir así ao emperador de que non perderon facultades. A Flimnap, Ministro de Facenda, consínteselle que faga unha pirueta sobre a corda tensa ao menos un centímetro e medio más alta que a calquera outro nobre de todo o imperio. Eu vino dar varios saltos mortais continuos sobre un tallo suxeito na corda, que non é máis ancha có cordel de Brabante que se soe usar en Inglaterra».

(J. Swift. *As viaxes de Gulliver*, I,3)